

## A segunda fase da folga nos deportes logra pechar de novo as instalacións



[1]

Persoal das instalacións deportivas de toda Galiza desprazouse a Compostela o 22 de decembro para participar nunha concentración convocada diante das dependencias da Secretaría Xeral para o Deporte. Tras ocupar durante máis de media hora as oficinas, os traballadores saíron en manifestación até as dependencias da Xunta en San Lázaro. Deste xeito, púxose fin a catro xornadas consecutivas de paros e mobilizacións en demanda da negociación do convenio colectivo. O seguimento da folga volveu ser do 90%.

23/12/09.

Os empregados advirten que os paros proseguirán en xaneiro e, de non alcanzarse un acordo, a folga será indefinida a partir de febreiro.

A Xunta, que concede a xestión de instalacións deportivas a empresas privadas, debe asumir a súa responsabilidade e implicarse no conflito para obrigar os patróns a asinar un convenio xusto que garanta unhas condicións salariais e laborais dignas.

CIG-Servizos, CCOO e UGT, organizacións convocantes destas mobilizacións, denuncian a intransixencia da patronal. Malia dous anos de conflito, esta non foi quen de mellorar as condicións laborais precarias nas que desenvolven a súa actividade as traballadoras e traballadores do sector, para os que é irrenunciábel a dignificación dos salarios (para achegarse, cando menos, á condición de mileuristas) e a consecución dunha xornada que permita conciliar a vida laboral e familiar. Alén diso, reclaman o establecemento dun convenio que cubra todo o sector e a modificación das condicións da Incapacidade Temporal.

Neste intre os traballadores/as dependen de até cinco convenio diferentes: limpeza, sidero-metalúrxico, ensino privado non regrado, hostalaría e o estatal de instalacións deportivas.

**Novas relacionadas:** [A irresponsabilidade da patronal de Deportes vai deixar sen servizo máis de 100.000 usuarios](#) [2]

[A folga nas instalacións deportivas estenderase máis días debido ao inmovilismo empresarial](#) [3]

[Amplio seguimento no primeiro día de folga nas instalacións deportivas](#) [4]

[O sector de instalacións deportivas acorda ir á folga os días 26, 28 e 30 de novembro](#) [5]

[Rompen as negociacións no convenio de instalacións deportivas](#) [6]

[Traballadores de instalacións deportivas están convocados a asembleas na Coruña e Pontevedra](#) [7]

### Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>

[2] <http://cigservizos.org/nova/2009.12.10/irresponsabilidade-da-patronal-de-deportes-vai-deixar-sen-servizo-mais-de-100000-usu>

[3] <http://cigservizos.org/nova/2009.12.04/folga-nas-instalacions-deportivas-estenderase-mais-dias-debido-ao-inmovilismo-empres>

## **A segunda fase da folga nos deportes logra pechar de novo as instalacións**

Publicado en Federación de Servicios (<http://cigservizos.org>)

---

[4] <http://cigservizos.org/nova/2009.11.26/amplo-seguimento-no-primeiro-dia-de-folga-nas-instalacions-deportivas>

[5] <http://cigservizos.org/nova/2009.11.18/o-sector-de-instalacions-deportivas-acorda-ir-folga-os-dias-26-28-e-30-d-e-novembro>

[6] <http://cigservizos.org/nova/2009.11.06/rompen-negociacions-no-convenio-de-instalacions-deportivas>

[7] <http://cigservizos.org/nova/2009.10.27/traballadores-de-instalacions-deportivas-estan-convocados-asembleas-n-a-coruna-e-pont>